



O 23 de maio saíu publicada no DOG a orde que regula as axudas para libros de texto e para material para o curso 2017/2018. Segundo recolle esta orde as persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto (vale) terán as seguintes **obrigas**:

1. **Devolver os libros de texto adquiridos co vale (2º e 4º de ESO) ou os recibidos do fondo solidario (1º e 3º de ESO) no curso 2016/17.** A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2017/18.

2. **Conservar en bo estado os libros de texto recibidos** do fondo solidario ou adquiridos coas axudas para libros de texto no curso escolar 2017/18 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.

RECOLLIDA DE LIBROS PRESTADOS OU COMPRADOS COAS AXUDAS NO CURSO 2016/2017

Para facilitar a devolución dos libros colocárase en cada aula, no taboleiro de entrada ao centro e na páxina web unha listaxe do alumnado que tivo axuda, así como os libros que ten que devolver cada un. Os libros das materias superadas en xuño, deben ser entregados ao centro antes do 23 de xuño. Os correspondentes ás materias pendentes para setembro entregáranse en setembro despois dos exames.

Establecerase un **día para a devolución de cada curso** para axilizar o trámite:

- **1º de ESO: 20 de xuño pola mañá**
- **2º de ESO: 21 de xuño pola mañá**
- **3º de ESO: 22 de xuño pola mañá**
- **4º de ESO: 23 de xuño pola mañá**

As familias que non poidan entregar os libros na data sinalada, poderán facelo o xoves 22 de xuño pola tarde, en horario de 15:30 a 19:00 horas.

Rógase ás familias que **revisen os libros e que borren as anotacións e subliñados**. Os libros deben ser entregados en bo estado, pois senón o centro terá que marcalos como inservibles, o que condicionará a axuda do curso que ven. Se algún libro se perdeu ou non está en bo estado, a familia ten as seguintes opcións: comprar outro igual, pedir un igual a algún compañeiro que xa non o vaia a utilizar para o curso que ven, ou aboar ao centro 35€, prezos estipulado pola consellería para cada libro, para que o centro o merque, e non o sinale como inservible.

Os libros deben ser entregados polo pai/nai/titor legal do alumno, pois é necesario que asinen a súa entrega e recollan o xustificante correspondente.

ENTREGA DE LIBROS E VALES DE MATERIAL PARA O CURSO 2017/2018

Unha vez entregados os libros prestados ou adquiridos co vale neste curso, os alumnos poderán ser admitidos nas axudas para o curso que ven, se entregaron en prazo a solicitude correspondente (remata o 23 de xuño).

Unha vez rexistradas todas as solicitudes o centro publicará, sobre o 12 de xullo, no taboleiro e na páxina web do centro a **listaxe provisional de admitidos e excluídos**, así como a causa da exclusión. As persoas interesadas poderán reclamar nos dous días seguintes á publicación da listaxe provisional. A partir desta publicación e sempre que se formalizara a matrícula, poderanse **recoller no centro os vales para a adquisición de material escolar**.

A **listaxe definitiva dos admitidos no préstamo de libros**, así como os libros asignados a cada alumno, non sairá publicada máis tarde do **15 de setembro**, unha vez rematados os exames e rematada a matrícula de setembro, pois é imprescindible ter formalizada a matrícula para poder recibir os libros prestados.